

PROGRAMACIÓN




DE
MÚSICA
TRADICIONAL
GALEGA

PROF: ÁNXELA VIDAL TRABADA

MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

OBXECTIVOS

- Coñecer a música tradicional galega e comprendela como algo concreto e históricamente configurado, non abstracto e ahistórico, música dun pobo e dunha nación concreta e particular.
- Coñecer as fontes documentais da música tradicional galega.
- Adquirir ferramentas metodolóxicas básicas para o estudo e análise da música tradicional e das súas fontes documentais..
- Adquirir competencias rudimentares etnomusicolóxicas que permitan movérmos con algúin rigor no campo da música tradicional galega.
- Analizar e discutir o desenvolvemento e desaparecemento da música tradicional galega na época da sociedade industrial no seu contexto socio-político actual.
- Desenvolver un pensamento verdadeiramente crítico e un procesamento da información alicerzado no coñecemento da realidade histórica por unha banda e da investigación etnomusicolóxica por outra.



CONTIDOS

- Estudo da *Outra*: orixes do estudo de músicas distintas á tradición culta europea
- Conceptos elementais: relativismo cultural; etnocentrismo; emic/etic; observación participante; aculturación; etc.
- Música como obxecto e música como proceso.
- Da Musicoloxía comparada á etnomusicoloxía.
- Complementariedade da perspectiva antropolóxica e a perspectiva musicolóxica; A. Merriam e M. Hood
- Folclore: historia e representantes destacadas; semellanzas e diferenzas entre Folclore e etnomusicoloxía.
- Definición de música tradicional. As tentativas das diferentes autoras e escolas. Problemas, inconsistencias, certezas.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: antes dos ss. XIX-XX. Antecedentes no pensamento dos humanistas galegos. O s. XIX. O Rexurdimento e a música tradicional.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: Casto Sampedro e o Cancioneiro Musical da Galiza; Xesús Bal Gay e o Cancioneiro Galego.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: outros cantautores.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: Dorothé Schubart.
- Xéneros: muiñeira e xota. Cantos arcaicos, cantos modernos, e proceso de aculturación na tradición galega.
- O obxecto musical: análise musical da 'peza' de música tradicional tal e como recollida nos cantautores; ferramentas básicas de análise schenkeriana.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1^a Avaliación: Introducción teórica.

- Estudo da Outra: orixes do estudo de músicas distintas á tradición culta europea.
- Conceptos elementais: relativismo cultural; etnocentrismo; emic/etic; observación participante; aculturación; etc...
- Música como obxecto e música como proceso.
- Da Musicoloxía comparada á etnomusicoloxía.
- Complementariedade da perspectiva antropolóxica e a perspectiva musicolóxica; A. Merriam e M. Hood.
- Folclore: historia e representantes destacadas; semellanzas e diferenzas entre Folclore e etnomusicoloxía.
- Definición de música tradicional. As tentativas das diferentes autoras e escolas. Problemas, inconsistencias, certezas.

2^a Avaliación: O noso caso particular; fontes e estudo da música tradicional da Galiza.

- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: antes dos ss. XIX-XX. Antecedentes no pensamento dos humanistas galegos. O s. XIX. O Rexurdimento e a música tradicional.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: Casto Sampedro e o Cancioneiro Musical da Galiza; Xesús Bal Gay e o Cancioneiro Galego.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: outros cancioneiros.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: Dorothé Schubart.
- Xéneros: muiñeira e xota. Cantos arcaicos, cantos modernos, e proceso de aculturación na tradición galega.


3^a Avaliación: Análise.

- O obxecto musical: análise musical da 'peza' de música tradicional tal e como recollida nos cancioneiros; ferramentas básicas de análise schenkeriana.

AVALIACIÓN

A avaliación das alumnas e alumnos farase tendo en conta tres aspectos:

- ✚ Participación en sala de aula. Non se pretende unha participación en termos simplemente cuantitativos. Mais importante será a dimensión cualitativa da intervención, na que se demostre un pensamento crítico por riba dunha mera repetición de datos ou textos.
- ✚ Elaboración en tempo e forma dos traballos requeridos pola profesora.
- ✚ Exame periódico no que se demostre o dominio dos contidos e a progresiva consecución dos obxectivos.



RÚBRICA DA AVALIACIÓN ORDINARIA

Música Tradicional	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Participación na sala de aula 20%	0,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Capacidade de pensamento crítico 20%	0,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Elaboración en tempo e forma dos traballos 20%	0,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Probas ou exames 40%	0,4	0,8	1,2	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Total										

RÚBRICA DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Música Tradicional	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Participación na sala de aula 20%	0,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Capacidade de pensamento crítico 20%	0,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Elaboración en tempo e forma dos traballos 20%	0,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Probas ou exames 40%	0,4	0,8	1,2	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Total										

Faltas de asistencia/ perda do dereito

a avaliación continua:

No caso de que o alumnado acumule 6 ou máis faltas de asistencia ás clases desta materia perderá o dereito á avaliación continua e deberá presentarse a un exame final no que terá que demostrar o dominio dos contidos e obxectivos fixados nesta programación.



AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA EN GRAO PROFESIONAL

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:
A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.

A comisión de avaliación (formada polo profesorado que lle imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un exame por cada unha das asignatura do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.

A comisión emitirá un informe que será favorable se o/a solicitante acada unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.

O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto

